

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

A NOTIFICACIÓN A TRAVÉS DE COMPARECENCIA EN SEDE ELECTRÓNICA É OPCIONAL NOS SEGUINTE CASOS:

- Persoas matriculadas en titulacións propias de duración inferior a 1 mes.
- Alumnado egresado.
- O persoal xubilado ou noutra situación administrativa distinta do servizo activo, agás que manifesten a súa vontade de recibir as notificacións por este sistema e sempre que manteñan a conta na USC.

1-TRASLADO DE EXPEDIENTE PAU (Maiores 25, Maiores 45, *Selectividade*)

No apartado "DATOS ACADÉMICOS" deberá indicar os estudos, centro e universidade para os que se solicita o traslado.

No apartado "EXPÓN" deberá indicar o centro onde cursou o Bacharelato, localidade do centro, ano e convocatoria no que superou a PAU.

DOCUMENTACIÓN: Carta de admisión da universidade de destino, copia do DNI, pago das taxas de traslado (de ser beneficiaria/o de redución ou gratuidade deberá acreditarlo no momento da presentación da solicitude), copia da Tarxeta PAU (non é obrigatoria).

2-TRASLADO DE EXPEDIENTE DUNHA TITULACIÓN CURSADA NA USC

No apartado "DATOS ACADÉMICOS" deberá indicar os estudos cursados na USC e o curso académico.

No apartado "EXPÓN" deberá indicar estudos, centro e universidade de destino na que foi admitida/o.

DOCUMENTACIÓN: Carta de admisión da universidade de destino, copia do DNI, pago das taxas de traslado (de ser beneficiaria/o de redución ou gratuidade deberá acreditarlo no momento de presentación da solicitude).

3-MATRÍCULA EXTRAORDINARIA

No apartado "DATOS ACADÉMICOS" deberá indicar a titulación que posúa e o nivel académico ao que corresponde.

No apartado "EXPÓN" deberá indicar o código USC e nome das materias da titulación que solicita e os motivos do seu pedimento.

DOCUMENTACIÓN: Copia do DNI, breve currículo.

4-ESTUDANTES VISITANTES

No apartado "DATOS ACADÉMICOS" deberá indicar a titulación que posúa e o nivel académico ao que corresponde.

No apartado "EXPÓN" deberá indicar o código USC e nome das materias da titulación correspondente.

DOCUMENTACIÓN: Copia do Pasaporte/DNI, carta indicando os motivos da súa petición, certificado académico dos estudos completados na universidade de orixe, carta de referencia dun dos profesores da universidade de orixe, breve currículo.

① *Para máis información sobre estes procedementos pode consultar a web www.usc.es/oiu ou a través do correo electrónico oiu@usc.es ou no teléfono 881 81 10 00.*

 *Lembre que poderá facer uso da sede electrónica para calquera solicitude que desexe presentar na Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>*

* Protección de Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos persoais recollidos neste proceso de matrícula quedarán incorporados ao ficheiro de datos de "Xestión Académica e Alumnado", sendo a Secretaría Xeral da USC o órgano responsable perante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na dirección "Praza do Obradoiro s/n; 15782 Santiago de Compostela". Estes datos poderán ser incorporados a outros ficheiros propiedade da USC, coa finalidade de realizar tratamentos para o cumprimento das funcións propias da universidade, así como para a prestación de servizos complementarios que esta oferte. Os datos poderán ser cedidos de acordo coa Lexislación de protección de datos e coa Resolución de 3 de setembro de 2010, reguladora do ficheiro de datos de carácter persoal, publicada no DOG o 23 de setembro de 2010.